

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

1.- Normativa aplicable

As condicións que hai que reunir para gozar do dereitos obxecto da presente convocatoria son as expostas nestas bases reguladoras e supletoriamente polas Normas de Uso de Instalacións Deportivas aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007.

Todo iso sen prexuízo de que todas as actuacións deberán axustarse á legalidade vixente, de modo especial: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, Lei de bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei de patrimonio das administracións públicas, Lei do deporte de Galicia, Regulamento de bens das entidades locais, Regulamento de servizos das corporacións locais e cctes.

2.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a asignación de usos das instalacións deportivas municipais, xestionadas directamente polo Concello, para o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas e a concesión do patrocinio municipal -no seu caso- de tales usos para a tempada 2015-2016. Dita asignación farase a favor de entidades deportivas e demais asociacións sen ánimo de lucro, co fin de fomentar e promocionar a práctica deportiva no termo municipal.

Enténdese por:

1. **Actividade Deportiva:** O exercicio físico regulado, cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica.
2. **Actividade Física:** O exercicio físico desenvolvido co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer, e de favorecer o desenvolvemento integral da persoa.

As instalacións deportivas municipais xestionadas directamente polo Concello son:

1. Aula 1 do Palacio dos Deportes de Riazor
2. Aula 2 do Palacio dos Deportes de Riazor
3. Aula da CD Torre.
4. Campo Municipal de Fútbol Arsenio Iglesias Pardo
5. Campo Municipal de Fútbol da Zapateira
6. Campo Municipal de Fútbol Rodrigo García Vizoso

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

7. Campo Municipal de Fútbol Víctor Fernández Alonso
8. Campo Municipal de Fútbol Virxen do Carme
9. Campos de Herba Artificial da C.D. da Torre (5)
10. Centro de Esgrima
11. Centro de Halterofilia
12. Frontón longo de Riazor
13. Frontón curto da C.D. da Torre
14. Ximnasio A - Palacio dos Deportes de Riazor
15. Ximnasio B- Tatami do Palacio dos Deportes de Riazor
16. Ximnasio C Palacio dos Deportes de Riazor
17. Ximnasio dos Rosais
18. Ximnasio do Polideportivo Barrio das Flores
19. Ximnasio do Polideportivo Sagrada Familia
20. Ximnasio do Polideportivo San Francisco Xabier
21. Piscina Municipal de Riazor
22. Pista Central do Palacio dos Deportes de Riazor
23. Pista de Chave de Virxe del Carme
24. Pista de Padel 1 e 2 Cidade deportiva da Torre
25. Pista de Tenis Municipal Salvador de Madariaga
26. Pista de Tenis Rafael Alberti
27. Pista polideportiva dos Rosais.
28. Pistas de Atletismo do Palacio dos Deportes
29. Pista de Chave da C.D. da Torre
30. Pista de Chave Víctor Fernández Alonso
31. Pista de Chave Santa Margarida
32. Polideportiva número 1 de Riazor
33. Polideportiva número 2 de Riazor
34. Polideportivo de Novo Mesoiro
35. Polideportivo Municipal Barrio das Flores
36. Polideportivo Municipal de Labañou
37. Polideportivo Municipal do Ventorrillo
38. Polideportivo Municipal San Francisco Xabier
39. Polideportivo Sagrada Familia
40. Rocódromo do Frontón de Riazor
41. Sala de Boxeo de Riazor

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

- 42 Sala de Musculación B Palacio dos Deportes de Riazor
- 43 Sala de Musculación C Palacio dos Deportes de Riazor
- 44 Sala de Musculación do Frontón de Riazor

3.- Requisitos da actividade física ou deportiva para obter o patrocinio municipal.

Para obter o patrocinio municipal nas actividades que motivan o uso da instalación deportiva solicitada, deberá corresponder con algún dos supostos:

- 1. Que se trate de actividades deportivas, comprendendo tanto os adestramentos como as competicións.
- 2. Que se trate de actividades físicas promovidas por entidades públicas, privadas sen ánimo de lucro e centros educativos concertados.

4.- Distribución dos usos das instalacións deportivas

Dita distribución farase seguindo os criterios de preferencia que abaixo se indican, aclarando que a prioridade dun tipo de actividade sobre outra determinarase en función do tipo de instalación.

ACTIVIDADE DEPORTIVA

- 1. Competición e nivel
- 2. Categorías de competición por idades
- 3. Dispoñer de licenzas masculinas e femininas
- 4. N° de licenzas federativas e/ou do programa "Xogade" en categorías base
- 5. N° de licenzas federativas especializadas en discapacidade
- 6. N° total de licenzas federativas e/ou do programa "Xogade"
- 7. Non ter instalacións deportivas propias
- 8. Non ter relación con outra entidade con instalacións deportivas propias
- 9. Porcentaxe de ocupación de usos na convocatoria anterior

ACTIVIDADE FÍSICA

- 1. Non ter instalacións deportivas propias
- 2. Desenvolvemento do currículo escolar
- 3. Promoción do deporte feminino
- 4. Promoción do deporte para persoas con discapacidade en inclusión social (se é federado pertence a actividade deportiva)
- 5. Promoción do deporte en idade escolar
- 6. N° de escolas deportivas participantes en eventos municipais

Os usos distribuiranse sobre as franxas horarias que estean dispoñibles unha vez realizadas as ocupacións a favor do propio Servizo Municipal de Deportes e Mocidade para o desenvolvemento das súas propias actividades.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

En relación co anterior, **a administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual de tales usos en función das necesidades do Servizo de Deportes e Mocidade sen que a entidade afectada teña dereito a compensación algunha.** Notificaráselle ao correo electrónico facilitado na solicitude, cunha antelación mínima de dous días, sempre que sexa posible, e indicaráselle o motivo da suspensión.

Cando o beneficiario resultase ser unha asociación representativa doutras entidades, na repartición de tales usos entre os seus asociados deberá darlle preferencia ás que teñan unha maior proximidade da súa sede social coa instalación que están a pedir e a igualdade de condicións primarase o asociado que teña un maior número de deportistas en activo.

6.- Procedemento

A concesión de tales usos para as devanditas actividades e o seu correspondente patrocinio efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

7.- Beneficiarios

Poderán acceder á condición de beneficiario as entidades sen ánimo de lucro. Son requisitos esixibles aos beneficiarios, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de resolución, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

- a) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).
- b) Que a actividade que se propón executar sexa de interese municipal.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non teñan débedas pendentes con outros organismos públicos.

8.- Órgano competente

A instrución do procedemento de concesión corresponderalle ao servizo de Deportes e Mocidade, e a resolución correspóndelle ao Concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento, por delegación da Xunta de Goberno Local.

9.- Presentación de solicitudes

As solicitudes faranse empregando o modelo dispoñible na web municipal e deberán presentarse preferentemente a través de vía electrónica ou ben nos Rexistros de Entrada das instalacións deportivas municipais: C.D. Riazor, Polideportivo Barrio das Flores, C.D. A Torre, en calquera das oficinas do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello ou en calquera outro lugar dos previstos na vixente Lei de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

A presentación poderase realizar no período que abarca desde o día seguinte á publicación da convocatoria na web municipal de Deportes ata o 15 de xullo ás 13:30 horas.

10.- Prazo de resolución

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión de tales usos é de tres meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos de solicitudes interromperá o citado prazo.

No caso de vencemento do prazo sen notificarse a resolución deberán entenderse desestimadas as solicitudes podendo interpoñerse o potestativo recurso de reposición ou no seu caso o recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do contencioso administrativo desta cidade no prazo de tres ou seis meses, respectivamente, a contar desde a data do acto presunto.

11.- Documentación

Os interesados deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación, segundo o caso:

- a) Se solicita para actividade deportiva deberá completar o modelo ANEXO 1 DA SOLICITUDE e achegarlle o certificado da federación correspondente e/ou da Xunta no caso do programa XOGADE, sobre o volume total de licenzas da tempada 2014-2015 (diferenciando entre masculinas e femininas así como o nº total ata categoría junior)
- b) Se solicita para actividade física deberá presentar unha memoria explicativa con referencia expresa, e por esta orde, ás seguintes cuestións:
 - Modalidade Deportiva
 - Denominación do programa, evento e/ou competición deportiva
 - Número de edición
 - Entidade Organizadora e breve historial. Actividades realizadas en edicións anteriores (achegarse memoria)
 - Recursos utilizados: humanos (persoal técnico e a súa formación), materiais, etc.
 - Obxectivos
 - Público ao que vai dirixido: masculino, feminino ou mixto; nº de prazas, idade, prazas reservadas para inclusión de persoas discapacitadas
 - Data de inicio e data de fin
 - Data e hora da entrega de trofeos
 - Lugar e/ou instalación de celebración
 - Horario de celebración diario
 - Divulgación da actividade (elementos publicitarios empregados)

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

- Contacto: email e páxina web no seu caso.

- c) No suposto de non estar inscrita no REMAC deberá acreditar que solicitou a súa inscrición.

12.- Mesa de avaliación

As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha mesa de avaliación nomeada polo Concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento e composta por:

- Presidente: Un/unha funcionario/a do Concello da Coruña.
- Vogais: Tres técnicos deportivos do Departamento Municipal de Deportes.
- Secretario/a: Un/unha funcionario/a do Concello da Coruña.

13.- Notificación da proposta de resolución

A proposta de resolución notificarase aos interesados mediante anuncio público no Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña, nos Taboleiros de Anuncios do Servizo de Deportes e Mocidade (Palacio dos Deportes de Riazor, Cidade Deportiva da Torre e Polideportivo do Barrio das Flores) e na Web municipal de Deportes www.coruna.es/deportes e concederase un prazo de dez días para presentar alegacións por escrito nos lugares establecidos na base 9.

14.- Resolución

A resolución da convocatoria incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiarios, non sexan estimadas por non dispoñer de franxas horarias nas instalacións deportivas.

15.- Recursos

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

16.- Réxime dos usos concedidos

- a. Os usos concedidos estenderanse desde o **1 de setembro de 2015** (ou data da resolución, se esta fose posterior) ao **30 de xuño de 2016** e **para os campos de fútbol municipais será do 1 de setembro de 2015 ao 30 de maio de 2016**; excluindo os períodos vacacionais fixados polo Servizo Municipal de Deportes e Mocidade. En tales períodos incluíranse, entre outros, os usos patrocinados vinculados directamente cos programas deportivos municipais.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

- b. O goce de tales usos farase nas condicións fixadas pola presente convocatoria e a resolución da mesma. Así como calquera outra que veña imposta de modo xeral, ben por normativa xeral ou como consecuencia do exercicio da potestade de ordenación discrecional do servizo. En consecuencia, calquera uso diferente ao concedido ou a modificación deste deberá ser formalmente solicitado pola entidade interesada, e o Concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Coñecemento resolverao. Os beneficiarios obríganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron concedidos; polo tanto, están obrigados a comunicar por escrito **cunha antelación mínima de 2 días hábiles,** o cesamento no uso temporal da/s instalación/s, ou no seu caso o atraso no comezo do uso, preferentemente enviado un correo electrónico a uadeportes@coruna.es indicando no asunto: cesamento uso instalacións e a continuación NIF da entidade nos seguintes supostos:
1. No caso de que non poidan facer uso das instalacións por razóns alleas ao Concello. Deberán indicar expresamente no escrito/correo os usos que non van utilizar e o período de tempo.
 2. Cando a entidade beneficiaria só vaia facer uso da instalación con menos da metade do equipo (infrautilización) para os efectos de que o Servizo Municipal teña preparados os medios da instalación proporcionais para a demanda que vai xerar o devandito uso.
- c. Non cabe que o beneficiario poida transferir total ou parcialmente os usos concedidos a terceiros alleos ao mesmo.
- d. A entidade beneficiaria do uso patrocinado non poderá percibir retribución algunha pola entrada de espectadores ou pola participación na actividade de terceiros alleos á entidade. En caso de manter a intención de percibir tales ingresos deberá renunciar formalmente ao devandito patrocinio e alugar a instalación nos termos da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.
- e. En relación co anterior, o control de accesos levarase a cabo con persoal municipal, quedando terminantemente prohibido que ningún membro da entidade beneficiaria do uso de ordes ao devandito persoal. No caso de que se prevexa para un determinado partido unha afluencia de público especial ou calquera outra circunstancia extraordinaria, comunicarao por escrito ao Servizo cunha antelación de dous días para que se poidan adoptar as medidas pertinentes; de non facelo así a entidade beneficiaria asumirá todas as consecuencias que se poidan derivar da falta de comunicación. Así mesmo se pola importancia do evento fose necesario, segundo informe motivado do

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

- técnico municipal responsable da instalación, establecer uns servizos de vixilancia ou doutro tipo necesarios para garantir a boa orde do evento en si, a entidade solicitante deberá sufragar o custo dos mesmos. Con todo, tales servizos deberán axustarse ao protocolo de funcionamento das instalacións deportivas para espectáculos deportivos.
- f. Cando unha instalación ou unha dependencia da mesma sexa usada unicamente por unha entidade, esta deberá asumir a vixilancia e limpeza da mesma, para ese efecto o Concello poderá realizar en calquera momento inspeccións sobre as mesmas coa finalidade de verificar o cumprimento da devandita obrigación. Dita obrigación extinguirase no momento en que o Concello conceda usos a outra entidade distinta da inicialmente beneficiaria, nese caso deberallo comunicar previamente cunha semana de antelación, debendo na devandita comunicación fixar as novas condicións de goce de tales usos. Esta condición poderá ser trasladada por unha asociación beneficiaria aos seus asociados que se atopen na mesma situación.
- g. É obrigatoria a asistencia do adestrador, delegado ou directivo ou o profesor, maior de idade, durante o desenvolvemento do adestramento ou outras actividades físico-deportivas e durante o uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse nun xogador ou nun terceiro alleo á entidade.
- h. Os datos constarán na solicitude; en caso de cambios deben comunicalo ao Servizo Municipal de Deportes e Mocidade.
- i. As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens municipais con motivo da devandita utilización da instalación deportiva. Para ese efecto deberán achegar nos 10 días seguintes á publicación da proposta de resolución a correspondente póliza de responsabilidade civil actualizada ao período de uso por un límite mínimo de indemnización por sinistro de 60.000,00 € e unha franquía máxima a cargo do asegurado de 200,00 €. (a fotocopia da póliza e do recibo de pago actualizado ao período da tempada, enviarase preferentemente escaneados por correo electrónico a uadeportes@coruna.es indicando en asunto: seguro responsabilidade civil e a continuación NIF entidade).
- j. Todas as persoas usuarias das actividades desenvolvidas polas entidades beneficiarias deberán ter garantida a asistencia sanitaria, en consecuencia na súa solicitude deberán indicar expresamente que todos os seus membros ou participantes dispoñen de licenza federativa; en caso contrario achegárase no prazo de 10 días da notificación da proposta de resolución a necesaria póliza de accidentes de seguro que garante dita asistencia sanitaria con cobertura coma se de licenza federativa tratáse (preferentemente enviar escaneados por correo